

## PREGUNTAS FRECUENTES NOS PROCESOS SELECTIVOS

---

### ÍNDICE

Quen pode participar nas probas selectivas convocadas polo Servizo Galego de Saúde?.....	2
Podo presentarme ao concurso-oposición e ao concurso de méritos dunha mesma categoría?.....	2
Como podo inscribirme no proceso selectivo?.....	2
Que outros documentos debo entregar no prazo de presentación de solicitudes?....	3
Hai que pagar algunha taxa por participar nestas probas selectivas? Existe algún motivo de bonificación ou exención da taxa? Como e onde debe aboarse a dita taxa?.....	4
Que ocorre se me equivoco á hora de encher a instancia ou quero modificala unha vez gravada? Que debo facer se desexo modificar a miña solicitude unha vez pagada a taxa?.....	4
Que importancia teñen os datos persoais que figuren na solicitude de participación? .....	5
Que pasa se os datos non son certos?.....	5
Que méritos se valoran neste proceso selectivo?.....	5
Pode subsanarse a documentación acreditativa de méritos?.....	6
Como podo consultar os temarios e os baremos de aplicación neste proceso?.....	6
Quen pode solicitar adaptación de tempo/medios?.....	6

## Quen pode participar nas probas selectivas convocadas polo Servizo Galego de Saúde?

Para poder participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir, na data en que finalice o prazo de inscrición e no momento da toma de posesión os requisitos que se indican na base segunda da convocatoria

Non poderán participar aquelas persoas que teñan a condición de persoal estatutario fixo na mesma categoría, por exemplo, non poderá presentarse á categoría de Médico/a de Familia de atención primaria, aquela persoa que sexa propietario/a nesa categoría, pero si poderá presentarse á categoría de enfermeiro/a se reúne o resto de requisitos.

## Podo presentarme ao concurso-oposición e ao concurso de méritos dunha mesma categoría?

Pode presentarse aos dous procesos e debe aboar as taxas correspondentes a cada un deles, de ser o caso.

## Como podo inscribirme no proceso selectivo?

Debe cubrir unha única solicitude de participación, en modelo normalizado, a través da Oficina Virtual do Profesional: FIDES/Expedient-e/sección de Procesos:

- No apartado de **Inscrición OPE** se quere inscribirse no concurso-oposición.
- No apartado de **CONCURSO DE MÉRITOS**, se desexa inscribirse en dito concurso.

Despois de formalizar electronicamente dita solicitude no Fides, poderá optar por dúas opcións de presentación da solicitude:

**a) Presencial nun rexistro administrativo.**

### **b) Telemática con certificado dixital a través do Fides/Expedient-e:**

Esta opción de presentación da solicitude requirirá un certificado dixital válido: FNMT, DNI electrónico ou Camerfirma.

En todo caso, deberá presentar nun rexistro administrativo a documentación que acredita que reúne os requisitos de participación ou a verificación de ditos requisitos mediante a plataforma de intermediación (PasaXe!) habilitada a través de Fides/Expediente-e.

No anexo da convocatoria poderá atopar de maneira detallada todas as instrucións de acceso ao expediente electrónico(FIDES).

Ten máis información sobre como realizar o proceso de inscrición nos apartados desta web de **Información inscrición OPE** e **Manual de rexistro do formulario de inscrición**

## **Que outros documentos debo entregar no prazo de presentación de solicitudes?**

- a) Fotocopia do NIF/NIE/Pasaporte. As persoas que accedan pola quenda de promoción interna non terán que presentar fotocopia do DNI ou pasaporte.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido para o ingreso na correspondente categoría/especialidade.
- c) Xustificante do pago da taxa, xa sexa total ou bonificada. Nos supostos de bonificación ou exención do pago de taxa deberá acreditar documentalmente as circunstancias que dean lugar á bonificación ou á exención.
- d) A solicitude de validación de méritos, achegando toda a documentación acreditativa dos méritos que non figuren validados no seu expediente nos termos que se indican no baremo da convocatoria.
- e) Se posúe o CELGA que se require na súa categoría, ou o título equivalente debidamente homologado polo órgano competente en

materia de política lingüística da Xunta de Galicia deberá presentar a documentación que o acredite aos efectos de resultar exento da realización do exercicio de lingua galega, nos termos expresados na convocatoria.

- f) Outra documentación acreditativa da condición de discapacidade xeral ou intelectual de ser o caso.
- g) Non terá que presentar a fotocopia do título esixido nin o Celga, se xa constan en estado validado en Fides/expedient-e.

Existe a opción de verificación de certa documentación **a través da plataforma de intermediación (PasaXe!)** habilitada no formulario de inscrición, como é a relativa ao DNI/NIE; certificado de discapacidade e título de familia numerosa expedidos por un órgano da Comunidade Autónoma e condición de demandante de emprego no territorio nacional e de non ser perceptor de prestación ou subsidio por desemprego.

## **Hai que pagar algunha taxa por participar nestas probas selectivas? Existe algún motivo de bonificación ou exención da taxa? Como e onde debe aboarse a dita taxa?**

Como norma xeral deberá vostede aboar a taxa correspondente por cada categoría na que se inscriba. Nos apartados de **Información para a autoliquidación de taxas** e **Modelo de autoliquidación de taxas** ten información sobre o procedemento de pagamento de taxas, causas de exención ou bonificación e importes para cada categoría.

## **Que ocorre se me equivoco á hora de encher a instancia ou quero modificala unha vez gravada? Que debo facer se desexo modificar a miña solicitude unha vez pagada a taxa?**

As modificacións que, con carácter excepcional, resulte necesario que efectúe o/a aspirante nalgún dos datos contidos na solicitude de participación impresa efectuaranse mediante escrito dirixido á mesma

unidade de validación á cal se dirixa a instancia de participación e no cal se indicará con claridade a modificación que se pretende.

Tal solicitude de modificación deberá presentarse, xunto coa instancia que modifica ou copia desta, a través do procedemento e prazo previstos na cláusula 5.1 e 5.2 da convocatoria.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, non se admitirán as modificacións das solicitudes previamente presentadas.

Se a taxa aboada se corresponde coa contía que lle corresponde aboar unha vez realizada a modificación non terá que facer nada. Noutro caso, deberá proceder ao pago.

## **Que importancia teñen os datos persoais que figuren na solicitude de participación?**

O domicilio que figure na solicitude considerárase como o único válido aos efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto o erro na súa consignación, como a comunicación ao Servizo Galego de Saúde de calquera cambio do mesmo. O mesmo será aplicable aos outros medios de comunicación posibles, como os teléfonos de contacto e o correo electrónico.

## **Que pasa se os datos non son certos?**

Lembre que a consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

## **Que méritos se valoran neste proceso selectivo?**

Os méritos que se teñen en conta na fase de concurso son os recollidos no Anexo do Baremo da convocatoria e **valoráranse con referencia ao día inmediatamente anterior**, inclusive, ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Os méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático Fides/Expedient-e e **acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes** na forma establecida no Anexo da convocatoria relativo ao *Procedemento de acreditación de méritos*.

## **Pode subsanarse a documentación acreditativa de méritos?**

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva non se admitirá, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias e para os efectos da súa valoración neste proceso, ningunha documentación acreditativa de novos méritos aínda que consten rexistrados no expediente electrónico, agás aquela documentación que, esixida no *Anexo-Baremo* e constando documentalmente ter sido solicitada polo/a interesado/a ao organismo ou entidade competente no prazo de presentación de solicitudes ou nun momento anterior, esta non fose recepcionada polo/a interesado/a no indicado prazo, suposto no que se admitirá a súa presentación no prazo de reclamación contra a lista provisional de admitidos/excluídos.

Fóra deste suposto e prazo non se admitirá a presentación de ningunha documentación acreditativa de novos méritos.

## **Como podo consultar os temarios e os baremos de aplicación neste proceso?**

Nos procesos de concurso-oposición, debe acudir á resolución da convocatoria publicada para cada categoría para consultar o programa das probas selectivas, o desenvolvemento dos exercicios da fase de oposición e os baremos de aplicación na fase de concurso.

## **Quen pode solicitar adaptación de tempo/medios?**

Para os procesos de concurso-oposición, os/as aspirantes con discapacidade, opten ou non opten por participar na quenda reservada a persoas con discapacidade, poderán solicitar adaptación de tempo e/ou

medios para a realización dos exercicios. Os/as interesados/as, agás causas sobrevidas, deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación na que deberán reflectir con claridade as necesidades específicas que ten o/a candidato/a para acceder ao proceso de selección en condicións de igualdade, debendo achegar o Ditame Técnico Facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna, a/s deficiencia/s permanente/s que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido.